

Sistema dual: Obxectivos e escenarios da PARTE I

- Nesta primeira parte, o usuario non vai instalar ningún sistema operativo, nin sequera crear ningunha partición. Iso farase na PARTE II do curso.
- Como o obxectivo final deste curso é ter instalados 2 sistemas operativos no ordenador (**sistema dual**): o que ten actualmente (MS Windows) e Linux (a distribución de Ubuntu). Para que non acaeza ningunha catástrofe é preciso planificar o proceso de instalación de Ubuntu e realizar as medidas preventivas oportunas para non perder nada no sistema operativo actual. Por iso, esta primeira parte está adicada a: planificar e realizar **operacións de backup** para estar previstos ante calquera **continxencia, que sempre pode pasar**.
- Nesta primeira parte vaise:
 - ◆ Contextualizar o curso: que é GNU/Linux e as distribucións.
 - ◆ Revisar conceptos previos a instalación de Ubuntu. A instalación farase na parte II do curso e **NON** nesta parte I.
 - ◆ Estudar as características de Ubuntu.
 - ◆ Antes de instalar Ubuntu hai que:
 - ◇ **Analizar a situación de partida**
 - ◇ Facer **copias de seguranza** dos datos que se desexen conservar, por se na PARTE II (no proceso de instalación) ocorre un desastre, que sempre se está suxeito a que suceda. Pero para iso debemos ter a tranquilidade de que a información que nos interesa está ben gardada en copias de seguridade.
 - ◇ **Estudar a situación de destino**, a que se desexa implantar. Isto é, non hai que crear particións nesta primeira parte, simplemente nun papel, ou nun procesador de textos indicar de onde se parte e a onde se desexa chegar. Nada máis. Sen crear nada real.
- A seguinte imaxe ilustra o exposto anteriormente:

Escenario 1: Análise do punto de partida e estudo do punto de chegada



**Windows-Base
Sistemas Operativos:**
Windows XP,
Windows Vista ou
Windows 7

Análise dun suposto disco de partida

100 MB W7	Tamaño Total:	99,90 GB
	Usado:	8 GB (p.e.)
	Contido:	Sistema Windows programas e datos persoais

Copia de seguridade dos datos (docs, fotos, vídeos, exames, etc.)

En calquera soporte.



Estudo do punto de destino. Posibles distribucións do disco

Opción A: completa

100 MB W7	40 GB Windows, prog.e datos persoais	10 GB S.O. Linux e programas	2 GB Intercambio Mem. Virtual	40 GB Datos persoais dos usuarios do S.O. Linux	7,90 GB Intercambio Windows/Linux
-----------	---	---------------------------------	----------------------------------	--	--------------------------------------

Opción B: sinxela

100 MB W7	40 GB Windows, prog.e datos persoais	57,90 GB S.O. Linux e programas. DATOS DOS USUARIOS DO S.O. LINUX	2 GB Intercambio Mem. Virtual
-----------	---	---	----------------------------------

- A imaxe vén a esbozar unha posible situación de partida, pero cada usuario que siga o curso terá:
 - ◆ O ordenador co seu propio nome.
 - ◆ O disco duro do ordenador, no punto de partida, organizado doutro xeito distinto ao da imaxe, coas súas propias particións e o sistema MS Windows que se vai preservar perante a instalación de Ubuntu.
 - ◆ O espazo libre (ou ocupado) no disco de partida non vai coincidir co da imaxe superior. Pero cada quen debe ter espazo libre suficiente para poder instalar o novo sistema operativo.
- O que se pretende nesta PARTE I, é que o usuario faga un croquis (esbozo, debuxo, etc.) da situación desexada de destino, pero nada máis. Sobre todo, os usuarios que sigan o curso a través de Platega, **NON** deben crear nin formatar ningunha partición até ter o visto bó dos relatores para pasar á parte II do curso, que será onde se implantará o croquis nun ordenador real.

- **O material para este curso está elaborado partindo dun ordenador instalado co sistema operativo Windows 7**, pero pódese partir de calquera ordenador que teñan instalado calquera outro sistema operativo de Microsoft: Windows XP, Windows Vista, Windows 8, etc.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez -- (feb 2012).